



**Resolución do 13 de decembro de 2024 pola que se fai pública a adxudicación de destinos obxecto do proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocado mediante Orde do 14 de agosto (DOG Núm. 169, do 3 de setembro).**

Con data 3 de setembro de 2024 o Diario Oficial de Galicia fixo pública a Orde do 14 de agosto de 2024 pola que se aproban as bases xerais e se convocou o proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de oficial.

O tribunal que avaliou este proceso, nomeado por Resolución do 4 de novembro de 2024 (DOG Núm. 218, do 12 de novembro de 2024) acordou con data 9 de decembro de 2024 facer pública a baremación definitiva deste proceso e remitiu con data 12 de decembro de 2024 a este centro directivo a proposta de adxudicación dos postos ofertados nos correspondentes concellos.

De acordo co establecido nas bases reguladoras deste proceso,

#### **RESOLVO:**

**Primeiro:** Publicar no anexo desta resolución a proposta de adxudicación de prazas convocadas no referido proceso de provisión por mobilidade. Non é posible publicar listaxe de reserva, tal e como estipula a base 12.1 das bases que rexen este proceso porque non hai máis aspirantes que participaran no proceso.

**Segundo:** Notificar de forma individual a todas as persoas que acadaron posto neste proceso, e ao concello afectado para que eleve a definitiva a proposta de adxudicación de postos.



Así mesmo, a Agasp comunicaralle, aos concellos as prazas que quedaron vacantes e que se incorporarán á convocatoria de promoción interna aquelas que cumpran os requisitos que se relacionan na base 1.4 no que se di que as prazas non cubertas no proceso de provisión por mobilidade acrecentarán as prazas convocadas no proceso de acceso por promoción interna, ao abeiro do artigo 11.5 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro. Isto só operará nos concellos que convocan ambos os procesos. Por tanto no concello de Lugo se acrecenta en 1 praza as ofertadas para promoción interna quedando un total de 4 prazas e o resto quedan desertas.

De conformidade co artigo 43.6 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, e co artigo 41 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, de desenvolvemento da lei anterior, **os destinos adxudicados son irrenunciabes**, excepto que con anterioridade á finalización do prazo posesorio se obteña outro destino mediante convocatoria pública.

Tal e como establece a base 12.3. da convocatoria as persoas funcionarias seleccionadas para unha praza no proceso de mobilidade cesará no prazo dos **cinco días seguintes á publicación da resolución do concurso** e tomará posesión no prazo dos **dez días seguintes ao cesamento**. O tempo transcorrido entre a data do cesamento e a da toma de posesión computarase como de servizo activo no concello de destino. En todo caso, os prazos para a data do cesamento e da toma de posesión comezarán a contar unha vez que rematen os permisos ou licenzas que teña concedidos a persoa interesada. Nos supostos de incapacidade temporal, o cómputo do prazo para a toma de posesión iniciárase a partir da correspondente alta. Non obstante, no caso de licenzas ou permisos vinculados ao embarazo, parto e posparto, nacemento de fillo, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, as persoas funcionarias poderán cesar no posto que ocupa con carácter definitivo e tomar posesión no posto adxudicado no concurso, e continuarán o desfrute do permiso ata a súa finalización.



Esta resolución, segundo o indicado no artigo 17 da Lei 1/2017, de 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, esgota a vía administrativa e poderá ser obxecto de recurso de reposición ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Na data da sinatura dixital

O director xeral

Santiago Villanueva Álvarez

